



## Principais cambios do RSS da predición xeral para Galicia

### Introdución

O documento que se presenta a continuación contén a descrición dos principais cambios que sufrirá o RSS nas próximas semanas para a predición xeral de Galicia.

Este cambio débese a unha reestruturación dos contidos da web de MeteoGalicia para incorporar a predición de todos os concellos de Galicia e pasar de dispor de 2 franxas horarias (mañá e tarde) a unha predición que incorporará 3 franxas horarias (mañá, tarde e noite).

### Principais cambios

- O comentario xeral da predición para Galicia poderá descargarse en galego e en castelán, en función da petición do *request\_locale*.
- Elimínanse os comentarios de tipo “*Vento*”, “*Temperatura*”, “*Néboas*” e “*Estado do ceo*” posto que xa se inclúen no comentario xeral como un único bloque.
- Mostraranse as temperaturas máxima e mínima só para os 7 principais concellos de Galicia (A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo). Nota: poderanse obter as temperaturas para os restantes concellos de Galicia a través do RSS da predición de concellos de Galicia.
- Incorporarase un comentario especial que recollerá unha situación de alerta ou de especial importancia que o departamento de Predición de MeteoGalicia quere destacar para Galicia.
- Introducirase a tendencia das temperaturas máximas e mínimas a través dun identificador numérico.
- A *description* do *item* conterá, ademais de todos os datos anteriormente descritos, as rutas para obter os 3 mapas de Galicia (mañá, tarde e noite). A ruta terá a forma:  
[http://www.meteogalicia.es/web/RSS/getImaxe.action?tipoImaxe=<Id\\_tipo>&dia=<Id\\_Dia>](http://www.meteogalicia.es/web/RSS/getImaxe.action?tipoImaxe=<Id_tipo>&dia=<Id_Dia>)  
donde <Id\_tipo> será 1, 2 ou 3 para a mañá, tarde ou noite; e  
donde <Id\_Dia> será 0, 1, 2 o 3 para o día de hoxe, mañá, pasadomañá ou o cuarto día.